

## ACTA N° 04/2012

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2012.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Resolución de expediente de prescripción de débedas do Concello.
- 4º.- Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.
- 5º.- Solicitud de axuda ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira.
- 6º.- Moción do grupo municipal do PP sobre o novo hospital público de Vigo.
- 7º.- Moción da Plataforma en defensa da sanidade pública de Moaña sobre o novo hospital público de Vigo.
- 8º.- Moción do grupo municipal do BNG instando o apoio á organización das bandeiras de trañas da Liga Noroeste e da Liga ACT do Concello de Moaña.
- 9º.- Moción do grupo municipal do BNG instando a modificación das ordenanzas municipais que regulan a instalación de terrazas e outros usos lucrativos do dominio público municipal.
- 10º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 26 de abril do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnense os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Fervenza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 03/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2012.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG afirma que no punto 12 da orde do día, penúltimo parágrafo non queda clara a súa posición respecto do expediente de execución de obras no vial da Masandía. Propoño, para que quede aclarada a miña intervención, que quede da seguinte forma:

“A acta de replanteo non existía no expediente da Deputación cando accedeu ao expediente o BNG, hai uns días. Comunicada a Deputación coa empresa reclamándolle a acta, esta manifesta que non se firmou por problemas que plantexa o Concello.

Ao cabo duns días aparece a acta no expediente da Deputación asinada con data 30 de marzo de 2011, e facendo constar unha serie de anomalías que nada teñen que ver coa realidade constituíndo un fraude en documento público e son:

- 1- Manifesta non dispor das autorizacións administrativas pertinentes, cando no expediente figuran os de Costas e Patrimonio .
- 2- Manifesta que non están a disposición os terreos necesarios do dominio público marítimo terrestre. Cando non hai ocupación de dominio público marítimo terrestre.
- 3- Manifesta que existen certos problemas técnicos. Cando non se especifican cales son e cando resulta que o redactor do proxecto é o mesmo que o Director da obra.
- 4- E por último, a data en que se asina a acta, 31 de marzo de 2011, cóstanos, ao igual que á Concelleira, que o Director de obra non se encontraba no estado español.

Por todas estas anomalías esta acta é un fraude en documento público e vostedes levan 9 meses intentando xustificar o inxustificable para acabar cometendo este chanchullo.”

Non se suscitan outras intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a acta 03/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2012, quedando aprobada, co citado engadido, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

### **2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

Non se suscitan intervencións.

### **3º.- RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE PRESCRIPCIÓN DE DÉBEDAS DO CONCELLO.**

O Sr. Alcalde sinala que este asunto levouse a Comisión Informativa do 24 de abril. Visto que os Grupos tiveron pouco tempo para estudar o expediente, imos someter a votación a retirada deste asunto da orde do día.

Sometido a votación a retirada deste punto da Orde do día queda aprobada a súa retirada por unanimidade dos Concelleiros asistentes:

#### **4º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

O Sr. Alcalde procede á lectura da proposta ditaminada en Comisión Informativa:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR DIVERSAS FACTURAS.**

Á vista do ditame da Comisión Informativa de Facenda celebrada en data 24 de abril de 2012, sométese a aprobación plenaria o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas, cunha relación que comeza por Pérez García, Carmen por importe de 119,34 euros e remata por Telefónica Móviles España, S.A., por importe de 1.868,47 euros. A suma total da relación ascende a 38.820,71 euros. Os acordos a adoptar son os seguintes:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 24 de abril de 2012 por defectos na tramitación administrativa seguida nos expedientes de gasto, toda vez que os servizos foron efectivamente executados e o non recoñecemento das obrigas económicas por parte do Concello implicaría un enriquecemento inxusto do mesmo.

**SEGUNDO.-** Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer as obrigas derivadas das relacións de facturas e gastos do Concello que figuran na relación que se presenta a Pleno, por importe total de 38.820,71 euros, imputando o gasto, polos importes que presenta cada factura, ás partidas do orzamento corrente que figuran no anexo.

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, sinala que as facturas que se presentan na relación proceden dos exercizos do 2009, 2010 e 2011, facturas pendentes que deben ser recoñecidas. En próximos plenos traeremos máis para o recoñecemento de todas as facturas pendentes.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que no Informe da Interventora Municipal, dise o seguinte:

Con estas liñas, o Alcalde, na oposición naquel momento, emitiu auténticos libros sobre a ilegalidade dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, tratándonos de delinquentes. O que hai un ano era motivo de cadea, agora se trata de un acto administrativo normal, polo que non imos apoiar o acordo. Este expediente é unha parte pequena do que presentaron hai algúns meses por un importe moi superior. Os importes procedentes dos anos 2009 e 2010 son basicamente asistencia a tribunais que non se tramitaron antes por propias deficiencias na actuación administrativa. A Sra. Vicepresidenta do Goberno, Sra. Sáez de Santamaría, e confirmou o Sr. Montoro, a existencia destas facturas será motivo de causa

penal contra os que contraten e aproben estes gastos. Hai unha campaña nesta liña contra os responsables municipais. Cando os escoiten falar refírense a este tipo de expedientes, contraer gastos sen crédito. O BNG non vai apoiar estes acordos.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que xa ca abstención do seu Grupo, o Goberno Municipal aprobou o expediente do Plan de axuste para facilitar o pago a provedores para poñer a cero a débeda do Concello. Puideron quedar cousas pendentes por distintos motivos. Imos facilitar ca nosa abstención o abono destas facturas para poder pagar a estes provedores e prestadores de servizos, pero este debe ir rematando. Presentando os orzamentos do 2012. Hai dos plenos xa advertín que gastar sen crédito na partida ía estar penado e que os Concelleiros deberían facer cursiños. Eu non teño funcións de goberno pero os Concelleiros do Grupo de Goberno si e terán que ter coidado á hora de facer pequenas obras. Van criminalizalos.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas e queda aprobada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 24 de abril de 2012 por defectos na tramitación administrativa seguida nos expedientes de gasto, toda vez que os servizos foron efectivamente executados e o non recoñecemento das obrigas económicas por parte do Concello implicaría un enriquecemento inxusto do mesmo.

SEGUNDO.- Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer as obrigas derivadas das relacións de facturas e gastos do Concello que figuran na relación que se presenta a Pleno, por importe total de 38.820,71 euros, imputando o gasto, polos importes que presenta cada factura, ás partidas do orzamento corrente que figuran no anexo.

## ANEXO

PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS			
TERCEIRO – PROVEDOR	FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE
PEREZ GARCIA, Carmen	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2009	119,34
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2009	119,34
COSTA DIZ, Eugenio	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2009	110,16
GARCIA LORENZO, Elena	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2009	36,72
SANTOME SANTIAGO, Marta	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2009	110,16
CABEIRO DOPICO, Angeles	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2009	110,16
PEREZ GARCIA, Carmen	-----	Tribunal–Oficial Inst.deportivas/09	119,34
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal–Oficial Inst.deportivas/09	119,34
BOUBETA GARCIA, Jesús M.	-----	Tribunal–Oficial Inst.deportivas/09	110,16
TOREA PRIEGUE, Maria	-----	Tribunal–Oficial Inst.deportivas/09	110,16
COSTA DIZ, Eugenio	-----	Tribunal–Oficial Inst.deportivas/09	110,16
CABEIRO DOPICO, Angeles	-----	Tribunal–Oficial Inst.deportivas/09	110,16
TOREA PRIEGUE, Maria	-----	Tribunal – Cooperacion local 2009	159,12
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal – Cooperacion local 2009	159,12

PEREZ GARCIA, Carmen	-----	Tribunal – Cooperacion local 2009	146,88
COSTA DIZ, Eugenio	-----	Tribunal – Cooperacion local 2009	146,88
PAREDES PAREDES, José	-----	Tribunal – Cooperacion local 2009	36,72
CABEIRO DOPICO, Angeles	-----	Tribunal – Cooperacion local 2009	146,88
TOREA PRIEGUE, Maria	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2010	119,34
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2010	119,34
CABEIRO DOPICO, Angeles	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2010	110,16
LORES RIVERA, Patricia	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2010	110,16
CHAPELA LEMOS, Gloria	-----	Tribunal – Monitores ximnaxia 2010	110,16
SOAGE BERNARDEZ, Mar	-----	Tribunal – Educadora familiar 2010	79,56
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal – Educadora familiar 2010	79,56
CABEIRO DOPICO, Angeles	-----	Tribunal – Educadora familiar 2010	73,44
PEREZ GARCIA, Carmen	-----	Tribunal – Educadora familiar 2010	73,44
LORES RIVERA, Patricia	-----	Tribunal – Educadora familiar 2010	73,44
TOREA PRIEGUE, Maria	-----	Tribunal – Profesor fruta 2010	79,56
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal – Profesor fruta 2010	79,56
CABEIRO DOPICO, Angeles	-----	Tribunal – Profesor fruta 2010	73,44
SANTIAGO DIAZ, David	-----	Tribunal – Profesor fruta 2010	73,44
GUTIERREZ SAMPEDRO, Maria Jesus	-----	Tribunal – Profesor fruta 2010	36,72
TOREA PRIEGUE, Maria	-----	Tribunal – Informador turístico 2010	79,56
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal – Informador turístico 2010	79,56
CABEIRO DOPICO, Angeles	-----	Tribunal – Informador turístico 2010	73,44
PEREZ GARCIA, Carmen	-----	Tribunal – Informador turístico 2010	73,44
GARCIA GARCIA, Rosa Maria	-----	Tribunal – Informador turístico 2010	73,44
PEREZ GARCIA, Carmen	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	198,90
RODRIGUEZ VELOSO, José	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	198,90
CHAPELA LEMOS, Gloria	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	183,60
COSTA DIZ, Eugenio	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	183,60
BOUBETA GARCIA Jesus	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	110,16
COYA PORTAS, Cesareo	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	36,72
BOUBETA ROUCO, José	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	36,72
MARTINEZ DEL RIO, Alexandre	-----	Tribunal – Cooperacion local 2010	36,72
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	9/2010	Actividad.extraescolar Nov.2010	930,00
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	10/2010	Actividad.extraescolar Dec.2010	702,00
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	04/2011	Actividad.extraescolar Abr-2011	712,00
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	05/2011	Actividad.extraescolar Maio-2011	954,00
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	06/2011	Actividad.extraescolar Xuño-2011	610,00
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	07/2011	Actividad.extraescolar Set.-2011	1.150,00
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	08/2011	Actividad.extraescolar Out-2011	1.471,00
B. MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	09/2011	Actividad.extraescolar. Nov-2011	1.228,00

CASAS CURRO, Lois Alberte	-----	Gastos desprazamento a curso	60,42
GARCIA FERNANDEZ, Manuel	-----	Gastos desprazamento a curso	34,20
F.C. DOMAIO	-----	Luz campo fútbol 28.10 a 17.11.11	295,51
F.C. DOMAIO	-----	Luz campo fútbol 20.09-20.10.10	164,14
F.C. DOMAIO	-----	Luz campo fútbol 19.11 a 21.12.10	173,06
PORTELA CALVAR, José	01	Clases pintura outubro 2011	390,00
PORTELA CALVAR, José	02	Clases pintura novembro 2011	330,00
PORTELA CALVAR, José	03	Clases pintura decembro 2011	330,00
SOCIEDAD DEPORTIVA TIRAN	48	II Bandeira Mar de Moaña – ACT	12.500,00
S.D.C. SAMERTOLAMEU	002/2012	Bandeira Bateis 2011	1.770,00
S.D.C. SAMERTOLAMEU	001/2012	Bandeira Traíñeiriñas 2010	1.888,00
LORENZO ALONSO, Pilar	-----	Gastos aluguer (Cota Comun.2009)	576,00
LORENZO ALONSO, Pilar	-----	Gastos aluguer (Cota Comun.2010)	576,00
HERMANOS PIDRE COBAS	-----	Gastos aluguer (lixo) 2º/09 e 1º/10	67,85
HERMANOS PIDRE COBAS	-----	Gastos aluguer (lixo) 2º Sem 2010	33,93
HERMANOS PIDRE COBAS	-----	Gastos aluguer (Luz) 1811-201210	214,34
HERMANOS PIDRE COBAS	-----	Gastos aluguer (Luz) 2810-181111	178,73
HERMANOS PIDRE COBAS	-----	Gastos aluguer (Auga) 4º T-2010	17,55
HERMANOS PIDRE COBAS	-----	Gastos aluguer (Auga) 4º T-2011	17,55
SANTOME GESTIDO, Manuel	-----	Gastos aluguer (luz) nov-dec-2010	16,67
SANTOME GESTIDO, Manuel	-----	Gastos aluguer (luz) nov-dec-2011	21,10
COMERCIAL OTERO D.MOAÑA, S.L.	1310	Subministro de materiais	431,02
COMERCIAL OTERO D.MOAÑA, S.L.	1436	Subministro de materiais	46,56
COMERCIAL OTERO D.MOAÑA, S.L.	1560	Subministro de materiais	311,60
ESYCSA	2110709	Arrancho de semaforos	753,48
TERMICA MORRAZO, S.L.	100003	Reparación climatización Concello	2.596,00
SALDARRIAGA RENDON, P.Janet	001	Pinchada fin de ano – Concello	490,00
DEPUTACION PROVINCIAL	-----	Programa teleasistencia ano 2011	174,65
TELEFONICA MOVILES ESPAÑA,SA	364236	Consumo telefonía móbil dec/2011	1.868,47
SUMA.....			38.820,71

**DEREITOS RECOÑECIDOS**

TELEFONICA MOVILES ESPAÑA,SA	364236	Consumo telefonía móbil dec/2011	326,49
------------------------------	--------	----------------------------------	--------

**5º.- SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DOS PLAN ESTRATÉXICOS ZONAIS APROBADOS POLA CONSELLERÍA DO MAR AOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA.**

A Sra. Varela, representante do Concello no Grupo de Acción Costeira afirma que o GAC é un instrumento creado pola Consellería do Mar. Se facilita a xestión de Remata o ano que ven. É a primeira vez que o solicita o Concello. A través d esta ferramenta redactamos un proxecto de Acondicionamento do Paseo da Illa de Samertolameu. A finalidade do proxecto é Decidimos presentar un proxecto executable en dúas fases. Apoiamos todo o que vai en beneficio do pobo e para valorizar a zona.

O Sr. Alcalde sinala que a proposta inclúe os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o proxecto de *Acondicionamento do Paseo da Illa de Samertolameu*, redactado polos servizos técnicos municipal do Concello de Moaña, e cun orzamento de execución por contrata de 67.566 euros, (29.800 euros a 1ª Fase e de 37.766 euros a 2ª Fase).

Segundo: Solicitar axuda para a realización de dito proxecto ao Grupo de Acción Costeira, acolléndose á Orde do 16 de marzo de 2011 da Consellería do Mar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos PEZ.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, di que xa comunicou en Comisión Informativa a súa sorpresa por enterarse a través de o periódico do proxecto para comunicar a illa con ningunha parte. Dende o noso partido temos promovido diversas actuacións na área. Dende o Parlamento de Galicia facilitamos os accesos. Ambicionamos adecentar o tramo de costa entre a illa e a ponte, iniciando un proceso nunha zona onde xa hai terreo. Pero non entendo que se pretenda tapar a única zona virxe. Discrepo co que de o paseo xa rematou. A idea é que se poida adecentar o entorno, mellorar os accesos, se se aclaran as competencias. Non entendo o que se pretende acometer agora mesmo. Paréceme unha excentricidade.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que o proxecto foi unha sorpresa que apareceu o martes enriba da mesa. Enterámonos na Comisión Informativa. Antes non se facilitou información de ningún tipo aos Grupos Políticos sobre este expediente ou actuación. Levamos meses escointando nas Comisións á Concelleira dicindo que non hai nada do que informar ou do qué opinar. Agora traen a Pleno algo que non nos interesa. Foi coñecido polos Grupos sa oposición a través da prensa e sucintamente en Comisión Informativa. Incluso hoxe pola mañá houbo maneira de informarse ben. Nese punto no expediente había un tomo do proxecto. Nin bases, nin solicitude e subvención. Nada de nada. Nin siquera o ditame ad Comisión Informativa. Vendo o ditame, en Comisión solicitei que se engadiran ao expediente tres documentos: informe da Intervención sobre a existencia de crédito orzamentario para executar as obras, segundo informe sobre o reparto da anualidades e, terceiro, informe de Costas do Estado dicindo que as obras poden executarse ou ben informe dos técnicos municipais sinalando que tal informe non é necesario. Se o procedemento se tivese levado doutra maneira, probablemente poderíanse atopar outros puntos de actuación de máis necesidade e urxencia ca estes. Preténdese unha pasarela de madeira de un sitio a outro para non ir a ningunha parte. Nin siquera facilita o paso ao bar. Isto cadra perfectamente co ambicioso proxecto que levaba o PP no programa electoral, que é conseguir un paso peatonal de Cangas a Vilaboa a carón do mar. Pouco a pouco, cachiño a cachiño van conseguilo: co carril-bici na Masandía, con este tramo agora, creo que en douscentos dez anos poden conseguilo.

(Un veciño interrompe a intervención do Sr. Millán).

O Sr. Millán demanda a intervención do Alcalde ante o carteiro de Meira por interromper o Pleno e faltarlle ao respecto a un membro da Corporación.

O Sr. Alcade pide respecto e demanda aos asistentes que non interrompan as intervencións.

O Sr. Millán afirma que o Alcalde ten a obriga de manter o respecto e, no seu caso, tomar as medidas oportunas. Acabamos de escoitar a un señor que non debería ter dereiro a acceder á casa de todos os moañeses, faltando ao respecto aos Concelleiros do BNG.

O Sr. Millán continúa a súa exposición afirmando que nin en douscentos anos o PP poderá ter rematado o proxecto. Dicirlles que respectar o litoral non quere dicir urbanizalo. Quere dicir mellorar a súa accesibilidade pero mantendo as zonas en condicións. Mellorar os accesos é moitas veces prexudicial. Parecen empeñados. Hai anos botando terra, agora cemento ou madeira. O BNG non vai apoiar a solicitude, que parte de un concepto equivocado de actuación a tramitando sen pedir a colaboración de ninguén.

A Sra. Varela afirma que non sabe qué problemas ten a oposición en mellorar o litoral. ¿Por qué coincide co programa do PP?. Tiven onte unha reunión cos representantes da Consellería e me comunicaron que este foi o segundo proxecto que obtivo máis puntuación dos presentados. (A Sra. Santiago explica a puntuación obtida polo proxecto). En calquera caso, a madeira se podería retirar nun futuro como se fixo na Xunqueira para facer ese gran proxecto. Este proxecto acadou sesenta e tres puntos. Nos subvencionarían o 83% do custo. Non sei que pasou pola mañá co proxecto. Teño a documentación aquí. Falouse con Costas e non había ningún tipo de problema. É unha actuación branda, para instalar unha pasarela de madeira que se podería retirar nun futuro, un acondicionamento do acceso sen aterramento. Respecto do comentado das comisións informativas, cando dixen que non había nada non foi nas últimas. O proxecto desenvolveuse no mes de marzo con posterioridade a esas Comisións.

O Sr. Pastoriza sinala que na illa coinciden moitos factores. Hai un clube de remo. Hai que solucionar a situación do clube de remo. Estase a tramitar unha adscripción do terreo para pasar o terreo de Costas a Portos. Na zona do Estripeiro solo hai escombros depositados de mala maneira. Queren facer unha ponte que comunique o escombros co clube de remo. Hai outras actuacións posibles. Hai outra zona entre a ponte e O Cocho con problemas de accesibilidade. Outra actuación sería o acceso á praia da Borna. Pero non a actuación proposta.

O Sr. Millán afirma que cada vez entende menos. O proxecto non ten o visto bo da Corporación e xa se está a valorar pola Consellería. Ao final é culpa do Secretario. Xa lle dixen eu que ía levar as culpas. A responsabilidade de convocar o Pleno co expediente completo é do Alcalde. Non sabemos nada, solo que se quere colocar unha pasarela. Os cartos que queren gastar aí os poderían destinar a acondicionar o Estripeiro ou a outras actuacións, como aos accesos a zonas de praia. Seguimos a dicir que esta é unha actuación inútil. Non a mirará ninguén e os que a miren se preguntarán que fan alí as táboas. Reclamen ante Fomento ou Costas que continúe a rexeneración do litoral de Meira. Pida unha reunión en Madrid para ver qué pasa co proxecto. Que chegue a un compromiso ca Xefa Provincial de Costas e non un permiso para rozar un vado. As obras baratas son. Obras que non serven para nada. Reafirmome, urbanizar non é poñer bordillos, beirarrúas e votar asfalto. Poñer onde non é necesario o que ninguén pide. No litoral hai que preservar lugares e urbanizar, facilitar acceso onde sexa necesario. Comunicar polo litoral Cangas con Vilaboa é ridículo.

A Sra. Varela sinala que se se fai a cachiños é porque a situación financeira é a que é. se quere facer unha donación para que o Concello poida facer unha grande obra os veciños agradecerémollos. Pero con pequenas obras tamén pode conseguirse moito. O saneamento na zona está mal. Con este proxecto vaise mellorar. Hai cartos para iso. Se para vostedes estas obras non son boas é a súa opinión. Elixiuse este lugar e esta actuación. Cando teñamos cartos acometeranse outras actuacións. Respecto da urbanización, recoméndolle que lea no proxecto as conclusións do técnico.



Un veciño asistente que di ser veciño de Meira afirma que é o único que pode acceder. Hai problemas de saneamento. O camiño queda por debaixo da auga. Apoio o que se faga pero non a calquer precio. Hai que ter moito coidado. Hai que ver como está na realidade. O importante sería desterralo. Aí non hai camiño e dubido que Costas o permita. Sería máis barato meter catro máquinas.

A Sra. Varela responde que pode ver o proxecto e comprobar a actuación que se pretende levar a cabo.

O veciño afirma que o responsable de Costas comentou que ou o pasteleaban en Madrid ou non se fai. Hai problemas de salubridade moito máis prioritarios, problemas do campo de marisqueo...

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre solicitude de axuda ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira e queda rexeitada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP e nove votos en contra, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE.

#### **Anexo ca proposta:**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DOS PLAN ESTRATÉXICOS ZONAIS APROBADOS POLA CONSELLERÍA DO MAR AOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA.**

No DOG nº 57 do martes, 22 de marzo de 2011, publicouse a *Orde o 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira (financiadas polo fondo Europeo da Pesca).*

Os ámbitos de actuación aos que van dirixidas estas axudas son varios, entre o que se inclúe o que ten a finalidade de protexer o ambiente nas zonas de pesca, co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as aldeas e vilas costeiras con actividade pesqueira e protexer e mellorar o seu patrimonio natural e arquitectónico.

Visto que o Concello de Moaña ten intención de acondicionar un paseo peonil na parte traseira da Illa de Samertolameu, para recuperar o paso peonil ao redor da illa, proxecto que podería acollerse a estas axudas como proxecto **non produtivo**, e que podería chegar a recibir o 100 % dos custos dos gastos subvencionables,

De acordo co disposto no artigo 22.2.ñ) da Lei de Bases de réxime Local: “*Corresponden, en todo caso, ao Pleno municipal nos Concellos, as seguintes atribucións: a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos*”, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o proxecto de *Acondicionamento do Paseo da Illa de Samertolameu*, redactado polos servizos técnicos municipal do Concello de Moaña, e cun orzamento de execución por contrata de 67.566 euros, (29.800 euros a 1ª Fase e de 37.766 euros a 2ª Fase).

Segundo: Solicitar axuda para a realización de dito proxecto ao Grupo de Acción Costeira, acolléndose á Orde do 16 de marzo de 2011 da Consellería do Mar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos PEZ.”

## **6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE VIGO.**

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, da lectura a moción:

### **“MOCIÓN**

#### **Antecedentes:**

Na cidade de Vigo estase a construír a infraestrutura sanitaria máis grande de España e posiblemente de Europa. Trátase do hospital público metropolitano destinado a prestar asistencia a 600.000 persoas, é dicir a tódolos cidadáns da área sanitaria de Vigo, como ben se sabe “HOSPITAL METROPOLITANO ÁLVARO CUNQUEIRO”.

E isto, mentres atravesamos unha fonda crise económica e un momento no que o Sistema Nacional de Saúde pasa pola súa peor situación, cun déficit acumulado nos últimos anos en torno os 18-20 mil millóns de euros. Pero esta infraestrutura, demandada por toda a cidadanía dende hai tempo é necesaria para contar co hospital que Vigo precisa, non pode esperar máis. É unha vontade expresada, tanto na etapa do goberno bipartito como agora, un goberno bipartito que non foi quen nin de iniciar a construción, perdéndose en multitude de estudos, propostas, e presentacións de maquetas.

A partir do ano 2009, a Xunta de Galicia fixo todo o necesario para realizar a expropiación do terreo e licitar a obra, para poder dispoñer do hospital no menor tempo posible.

Agora a construción é unha realidade. Coa chegada do novo goberno acometeuse a obra do hospital público mediante a fórmula concesional a unha UTE de empresas, unha fórmula utilizada en moitos lugares de España para a construción de infraestruturas. E como todo o mundo pode comprobar, a obra avanza a moi bo ritmo e cumprindo os prazos previstos.

Froito do referendo unánime da necesidade deste hospital asinouse, no ano 2006, un convenio de colaboración entre Xunta de Galicia, con goberno PSOE–BNG, e Concello de Vigo, gobernado polo Partido Popular. Este convenio recolle a necesidade de colaboración entre as Administracións para conseguir a vital infraestrutura, e coa súa sinatura o Concello de Vigo adquiriu unha serie de compromisos que agora o alcalde vigués non está disposto a cumprir.

Este incumprimento suporía:

Non regular as ordenanzas fiscais a favor do centro sanitario

Non reservar espazos dotacionais para uso sanitario

Non dispoñer dos servizos necesarios para a construción

Falamos, por tanto, de abastecemento de auga e saneamento, servizo de gas, electricidade, canalización de fibra óptica, transporte, recollida de residuos ou sinalización urbana, servizos todos eles, que o concello proporcionou a infraestruturas de idénticas características, como outros centros hospitalarios.

O incumprimento pon en perigo o avance na construción do hospital, que nestes intres, ten un ritmo elevado de obra, o que impediría que estivese aberto nos prazos previstos. Suporía tamén a paralización da construción, toda vez que a acometida eléctrica, competencia que debe tramitar o Concello, faise agora imprescindible para a continuación da obra.

Por todo isto, o grupo municipal popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte

### **ACORDO:**

**Instar ao Concello de Vigo a cumprir co recollido no convenio de cooperación para a construción do novo Hospital público de Vigo e dotación das súas infraestruturas, subscrito o 7 de marzo do 2006 entre a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Sanidade e Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, SERGAS, e o propio Concello de Vigo. Infraestrutura destinada a prestar e mellorar a asistencia sanitaria a área metropolitana e demandada por toda a cidadanía.”**

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que é lamentable que unha instalación tan importante coma un hospital público sexa usado por Feijóo e Caballero como actores principais, para pelexarse. O Goberno Bipartito da Xunta fixo o que tiña que facer. Aínda que non puido licitar as obras, acometeu a actuación, redactou o proxecto, xestionou a expropiación dos terreos... Asinaron un convenio polo cal a Xunta construíría o hospital con fondos públicos e o Concello aportaría os servizos públicos necesarios para o seu funcionamento. A Xunta tradou dous telediaros en cambiar a letra do convenio. Onde se falaba de hospital público semella que van privatizar ata a luz do sol. Cambian as regras de xogo, privatizando unha serie de servizos e pretenden dar máis facilidades á empresa pola parte solo dos ingresos a obter. Quen vai obter o lucro, que pague.

A Sra. Maya afirma que o hospital público se está a construír. O Sr. Caballero asinou un convenio que agora non vale. Non sei o que cambiou. O Sr. Caballero pon trabas a todas as demandas veciñais.

Non se suscitan outras intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do PP sobre o novo hospital público de Vigo, rexeitándose por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP e nove votos en contra, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE.

### **7º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE MOAÑA SOBRE O NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE VIGO.**

D. Francisco Ferreira, Voceiro da Federación de AA.VV. “A Chamusca” disculpa a ausencia de Dona María Boubeta: Maruxa está en Povisa. Hoxe avisarona para facer unha radiografía, logo de meses agardando. Esta é outra forma de privatizar. A moción é compartida con

distintas plataformas da área sanitaria. Xa se explicou o que significa o debate e por qué nos opoñemos a que se financie con cartos públicos actuacións privadas. A moción que presentou o PP é copia da que presentaron en Nigrán. Iso amosa unha falta de sintonía cos problemas santiarios propios de Moaña. Estase a poñer en cuestión o modelo de xestión sanitaria. Preténdose a ampliación do monopolio de actuación de Povisa cun concerto para ampliar o número de camas a dez anos. O feito de que vivamos no Morrazo significa que non teñamos os mesmos dereitos de sanidade universal. Ca aposta deste hospital condénanos de por vida a este sistema, con listas de espera... Temos que chamar a atención de que con estas posicións condicionan a defensa de un modelo sanitario polo que levamos loitando. Os acordos que se propoñen son os seguintes:

1. Rexeitar o posicionamento do Alcalde que defende publicamente un Hospital para a Área Sanitaria de Vigo recortando en máis de 400 camas, o cal supón de feito deixar sen posibilidade de poder acceder a él aos veciños do noso Concello e obrigándoos a permanecer indefinidamente como poboación asignada ao hospital privado, POVISA.
2. Rexeitar que unha institución pública, neste caso o Concello de Vigo, teña que facer fronte a uns gastos de urbanización e dotación de servizos para o lucro directo dun grupo de empresas privadas que van explotar, precisamente, esa infraestrutura “alugánda” durante 20 anos á Xunta de Galicia recibindo un canon desproporcionado.
3. Reclamar da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade toda a información sobre o novo Proxecto de Execución da Obra do novo hospital: Plan Funcional e proxecto arquitectónico.
4. Garantir aos Veciños e Veciñas do noso Concello, a asistencia hospitalaria no Novo Hospital de Vigo.
5. Defender os intereses da cidadanía fronte ás políticas de recorte e provatización, en lugar dos intereses empresariais de **Concessia** e POVISA, esixindo que o Novo Hospital recupere o seu carácter estratéxico e de centro de referencia para o tratamento do cancro, investigación e a docencia, fundamentais para unha atención especializada de calidade da cidadanía e para o desenvolvemento económico e tecnolóxico da nosa Área Sanitaria.

Engade o Sr. Ferreira, que fronte ao que se defendía na moción anterior, as propias empresas dixerón que non se paralizaban as obras. Fronte aos problemas de liderazgo en Vigo parece que se esconden problemas financeiros de Concessia. Cuestión desmentida polo Presidente da Xunta.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que espera que se chegue a un acordo entre a Xunta e os que están a construír e van explotar o hospital para que remate e se saiba quíe servizo se vai prestar no hospital. De todas formas adianto que os problemas de persoal de Povisa vai ir a máis.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, di que convén resaltar o último punto sinalado polo Voceiro da Plataforma. A nai da polémica, que con razón ou sen ela, en dous ou tres meses, as obras van deterse. Rematan os orzamentos, a empresa buscará unha renegociación e a Xunta vota unha cortina de fume antes das eleccións. Non se coñece o fondo do proxecto ou a incidencia que vai ter no Morrazo. Se os veciños de Moaña van ser atendidos no novo hospital. Sería unha resposta sinxela. Quen paga as cañerías, a fibra óptica, e a electricidade debe ser a empresa que se vai lucrar con iso. A concesión rematará cando a concesionaria se canse. Unha infraestrutura privatizada que non vai cambiar as condicións dos moañeses. Seguiremos

vinculados a Povisa. O debate de fondo cúbrese cunha cortina de fume. Caballero non asinou ningún convenio, foi a anterior Alcaldesa. En poucos meses vanse paralizar as obras. Haberá que analizar o debate de fondo, cómo remata o contrato. A denuncia da Plataforma é correcta. Que se plantexe un debate de fondo sobre a necesidade de recuperar unha xestión pública.

A Sra. Maya sinala que hai que lembrarlle ao Sr. Ferreira que as listas de espera non son unha novidade. Cúlpase de querer privatizar cando as listas de espera non veñen de agora. (A Sra. Maya pide que conste en acta que representantes da oposición están a rir mentras fala).

O Sr. Millán afirma que unicamente era expresión de asombro.

A Sra. Maya sinala que, en segundo lugar, o hospital é metropolitano. Os moañeses podemos dicir se imos ou non. A Xunta non obriga ao Concello de Vigo, solo lembra o convenio xa asinado. Din que se trata de un proxecto descoñecido e logo falan de que se diminúen o número de camas, e aportando unha serie de datos polo que non debe de ser tan descoñecido. Se fose unha cortina de fume a Xunta non pelexaría para que o Concello de Vigo cumpra. Din non entender a postura do Alcalde cando o que fixo foi acudir a unha reunión en defensa dos veciños de Moaña e o seu dereito á sanidade. Lembrar que a moción admitiuse ao momento. A última moción que presentou pola Plataforma formalizouse a través do Grupo Municipal do PP cando estaba na oposición. Constituíse unha mesa de seguimento que nunca antes se fixera. Lembrar o asunto do médico de Meira cando antes dicíase que era imposible, e se facían as curas nun lugar obsoleto. Lembrar o dos terreos de Sisalde, que supostamente íanse poñer a disposición da Consellería, agora estase a traballar nesa actuación. Dicir que o PP usa a sanidade coma cortinas de fume paréceme demagoxia.

O Sr. Ferreira afirma que a Concelleira non escoitiu o que el dixo. Se consultamos a páxina web a empresa plantexaba un proxecto. Cando pedimos explicacións borrouse da páxina web. Sabemos que non hai información. Hai ocultación do verdadeiro proxecto. non hai contradicións. Aquí solo traemos a cuestión do hospital de Vigo. En Povisa nos últimos anos duplicáronse as listas de espera. Se están satisfeitos con iso... Queremos garantías de acudir a esa instalación e porque temos dereito a un asistencia sanitaria universal. O que veñen manifestando é contrario, reclamando a ampliación de camas para garantir a prestación. Contradicións teñenas vostedes. Os anteriores fixérono mal per iso non é xustificación.

O Sr. Millán afirma que a Concelleira transformou a contestación á moción a unha diatriba contra o BNG. Desculpas pola risa pero hai cousas que chocan. Que antes do PP había listas de espera e o PP non o reclamaba?. Hai actas. As listas de espera no período 2005-2009 era argumento recorrente. Agora parécelle unha puñalada trapeira. O PP xa pode estar caladiño unhas semanas, logo de afirmar o dos catro cafés, cando está a punto de convocarse unha segunda folga xeral no Estado. Deixen unha marxe de dúbida. Se vosteden están a facelo moi ben a anterior xestión sería de nota. Porque cambiaron a consulta de Meira cincuenta metros... A última vez que se discutiu sobre sanidade foi nunha moción da Plataforma sobre o CAR e o centro de saúde de Moaña. Mocións aprobadas por unanimidade. Votaron a favor pero logo de cinco meses non se fixo nada. E en Sisalde non fixeron nada, solo rozaron as silvas. Non trouxeron nin un papel á Comisión. En oito anos o Goberno anterior localizou un lugar para o centro, mercou seis metros cadrados, tramitou un Plan Xeral onde todas as sinaturas excepto a última foron deste Concelleiro, cualificando os terreos. Vostedes, en dez meses, non fixeron nada. Unicamente fixeron reunións, sen contido. E agora din aquí que fixeron o centro de saúde. Non fixeron nada. Se o actual Goberno trasladou o centro médico de Meira cincuenta metros, o anterior, con bastante traballo, puxo a disposición da Xunta de Galicia trescebtos cincuenta metros cadrados para o centro de odontoloxía e fisioterapia. Transformou a Casa do

Mar. Hai cinco anos non había ascensor. Creou o PAC. Dotou a Moaña de ambulancia. Hai unha grande aportación do PP sobre a sanidade, a necesidade urxente de ter un pediatra de tarde en Moaña. Levan un ano e nin un papeliño fixo.

O Sr. Pastoriza di que convén lembrarlle á Concelleira que dende que o Sergas é Sergas o PP o xestionou. O Bipartito, en catro anos, desatascou o hospital metropolitano de Vigo. É o PP o culpable do concerto de Povisa. No período de goberno PSOE-BNG o noso partido habería de dotar ao centro de saúde dos servizos necesarios adicándoo exclusivamente a atención sanitaria, o que teríamos conseguido co apoio de todos os grupos.

A Sra. Maya ainala que nunca dixo que o PP estivese orgulloso das listas de espera. Menos mal que a moción era da Plataforma. Unicamente enumerei as cousas feitas polo PP dende o Goberno. Os recortes que se están a acometer derivan da herdanza deixada. As cousas están como están. Non nos queda máis remedio que recortar.

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción da Plataforma en defensa da sanidade pública de Moaña sobre o novo hospital público de Vigo, aprobándose por nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE e oito votos en contra, dos Concelleiros do PP, co seguinte texto e acordos:

“MARÍA BOUBETA PENA, con DI 35.987.654J, como representante da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de MOAÑA, integrada en SOS Sanidade Pública, en virtude do Regulamento de Participación Cidadá, presento a seguinte moción para o seu debate no próximo Pleno do Concello:

Nestes últimos días vimos de asistir a toda unha posta en escea do Partido Popular arredor das obras do futuro hospital de Vigo, proxecto que é descoñecido para a cidadanía, traballadores sanitarios e autoridades, coa que se pretende ocultar a intención da Xunta de Galicia de que unha institución pública, como é o Concello de Vigo, pague con cartor públicos a urbanización e dotación de servizos a Concessia, o grupo empresarial privado que está a construír o novo Hospital de Vigo, que só pretende lucrarse a conta da saúde de todos nós. Así dun proxecto de Financiación e Xestión Pública a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI), aprobado no Consello da Xunta de Galicia o 5 de Febreiro de 2009, cun custe de 300 millóns de €, co comezo das obras no ano 2009 e rematando no 2013, onde o importe sería devolto polo Sergas no período 2011-2025; pásase a outro proxecto privado por decisión do Presidente da Xunta, o Sr. Núñez Feijóo. Como consecuencia, retrasouse o seu inicio por un período de dous anos, modificouse o Plan Funcional e a carteira de servizos, (diminúe o número de camas e as dimensións do edificio) e sustitúese o modelo de financiamento e xestión pública por outro de Financiación Privada de Invstimentos (PFI), o cal, incrementou o custe en 1.500 millóns de € (pasando a costar 1.824 millóns de €) que vai ser abonado polo SERGAS con cargo ao gasto corrente durante 20 anos en detrimento da calidade da asistencia sanitaria.

Un segundo obxectivo desta montaxe do Partido Popular consistiría en agochar os retrasos na execución da obra e a súa posible paralización debido á difícil situación económica pola que atravesan as entidades financeiras (bancos e caixas) que a promoven, tentando transferir a responsabilidade aos que sempre defendemos un gran hospital público e nos opuxemos á súa privatización.

O pasado 3 de abril, trece alcaldes da nosa área sanitaria pertencentes ao Partido popular nun acto claramente partidista, xuntáronse en Vigo, no barrio de Valadares, para “reivindicar” en realidade un Novo Hospital recortado con 400 camas menos das que estaban previstas inicialmente; un centro hospitalario que está sendo construído coa iniciativa privada e que supón unha vía de penetración empresarial privada nos servizos sanitarios públicos.

Xa con anterioridade, o portavoz do grupo municipal do Partido Popular en Vigo, tiña mostrado o seu apoio á ampliación de POVISA, que pretende camuflar no novo concerto unha millonada destinada a montar novos quirófanos e unhas 100 camas máis que se unirían ás 386 que este momento aluga este hospital privado ao SERGAS.

Estas actuacións encaixan perfectamente. Quen supervisa toda a trama é a Consellería de Sanidade, Xerente do Hospital N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> de la Esperanza en Santiago pertencente ao grupo empresarial de POVISA antes de asumir distintas responsabilidades no departamento que actualmente dirixe.

**Como resultado final temos que os alcaldes do Val Miñor e do Morrazo veñen de dar apoio público a unhas medidas partidistas do Partido Popular, sen ter en conta aos veciños e veciñas que representan, xa que non solicitan a incorporación da súa poboación na asistencia hospitalaria do Novo Hospital de Vigo, polo que van ter que continuar encadeados ao hospital Privado, POVISA.**

Diante dos feitos anteriormente expostos a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de MOAÑA instamos ao Pleno do Concello a que adopte os seguintes acordos:

1. Rexeitar o posicionamento do Alcalde que defende publicamente un Hospital para a Área Sanitaria de Vigo recortando en máis de 400 camas, o cal supón de feito deixar sen posibilidade de poder acceder a él aos veciños do noso Concello e obrigándoos a permanecer indefinidamente como poboación asignada ao hospital privado, POVISA.
2. Rexeitar que unha institución pública, neste caso o Concello de Vigo, teña que facer fronte a uns gastos de urbanización e dotación de servizos para o lucro directo dun grupo de empresas privadas que van explotar, precisamente, esa infraestrutura “alugánda” durante 20 anos á Xunta de Galicia recibindo un canon desproporcionado.
3. Reclamar da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade toda a información sobre o novo Proxecto de Execución da Obra do novo hospital: Plan Funcional e proxecto arquitectónico.
4. Garantir aos Veciños e Veciñas do noso Concello, a asistencia hospitalaria no Novo Hospital de Vigo.
5. Defender os intereses da cidadanía fronte ás políticas de recorte e provatización, en lugar dos intereses empresariais de **Concessia** e POVISA, esixindo que o Novo Hospital recupere o seu carácter estratéxico e de centro de referencia para o tratamento do cancro, investigación e a docencia, fundamentais para unha atención especializada de calidade da cidadanía e para o desenvolvemento económico e tecnolóxico da nosa Área Sanitaria.”

## **8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO O APOIO Á ORGANIZACIÓN DAS BANDEIRAS DE TRAÍÑAS DA LIGA NOROESTE E DA LIGA ACT DO CONCELLO DE MOAÑA.**

A Sra. Riobó, Concelleira do BNG afirma que a presentación da moción ven motivada polo acontecido nos últimos meses. Cando o PP chega ao Goberno a xestión deportiva estaba en marcha. O Concello tiña asumido unha serie de compromisos. O actual Goberno incumpriu os compromisos de financiamento dos clubs. Tamén enterámonos pola prensa de que a capital do remo de Galicia queda fora da Liga ACT. Hai unha incompetencia e falta de sensibilidade do actual Goberno Municipal co remo en Moaña.

Seguidamente a Sr. Riobó da lectura á moción presentada polo seu Grupo:

### **“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO INSTANDO O APOIO Á ORGANIZACIÓN DAS BANDEIRAS DE TRAÍÑAS DA LIGA NOROESTE E DA LIGA ACT DO CONCELLO DE MOAÑA**

A través dos medios de comunicación, coñecemos hai poucas datas a decisión do goberno municipal de retirar o apoio económico do Concello ao financiamento das bandeiras do Concello de Moaña da Liga do Noroeste e da Liga ACT.

Estamos ante unha decisión sen precedentes que provocou a sorpresa e o disgusto dos moañeses afeitos desde hai moitos anos a disfrutar no noso concello nos meses de verán da participación dos nosos remeiros nas competicións de élite do deporte do remo. Á marxe do golpe ao noso orgullo –non en balde Moaña está unanimemente recoñecida como a capital do remo galego- e de desprezo aos deportistas, o actual goberno municipal é incapaz de valorar os efectos económicos e na imaxe turística do noso Concello que a súa decisión implica. Nas semanas en que se celebran ditas competicións deportivas, os hoteis, restaurantes e comercios en xeral de Moaña senten o efecto dunhas probas que desprazan milleiros de espectadores; a difusión por TV das competicións ofrece a todo o Cantábrico a imaxe máis positiva e atraente de Moaña, converténdose na nosa mellor tarxeta turística. Como resultado, o atractivo turístico do noso concello entre as comunidades da cornixa cantábrica ten como principal difusor o deporte do remo.

O Bloque Nacionalista Galego considera totalmente inxustificable que, baseándose na crise económica, o goberno do Partido Popular pretenda retirar o seu apoio a estas competicións. Os orzamentos prorrogados para o ano 2012 inclúen a nivel de partida, vinculación e capítulo, créditos suficientes para financiar os gastos derivados do financiamento da bandeira da Liga Noroeste (12.500 €) e da bandeira da Liga ACT (22.500). Así se fixo no ano 2008, 2009 e 2010, cando a crise económica era similar á actual. En 2009, o anterior goberno incluso buscou os medios para financiar dúas regatas da Liga ACT ante a feliz circunstancia de que as dúas sociedades deportivas moañesas competisen na máxima categoría do remo.

Consideramos así mesmo inexplicable que a punto de a tres meses de comezaren as competicións de traíñas do ano 2012 o goberno municipal aínda non aboase os compromisos coas entidades organizadoras das regatas do ano 2011. Este feito é dobremente vergonzoso cando o actual alcalde entregou as dúas bandeiras en nome do Concello de Moaña e, no caso da bandeira da Liga ACT-2011, co-patrocinada, a entidade privada que colaborou no financiamento sí fixo puntualmente os seus pagos.



Temos diante a proba máis rechamante dunha actitude do actual goberno ante o deporte que tivo outras moitas manifestacións nos últimos meses: negativas e retrasos para asinar os convenios para a organización de actividades deportivas do ano 2011, retrasos e negativas a aboar os compromisos adquiridos, uso personalista das instalacións deportivas municipais, desinterés en promover novas actividades, etc. Esta actitude non se pode disimular máis tempo divulgando completas mentiras e medias verdades ou agredindo verbalmente a quen ten a obriga de recordarlle aos actuais responsables municipais os seus compromisos e os seus incumprimentos.

Para dar remate a esta situación de renuncia á promoción do deporte moañés, e moi especialmente á difícil situación en que o goberno local coloca o deporte do remo, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

### **ACORDOS:**

1.- Reclamar ao goberno municipal o abono inmediato dos compromisos de financiamento das bandeiras do Concello de Moaña da Liga ACT e da Liga do Noroeste de 2011 aos cubles S.D. Tirán e S.D. Samertolameu. Así mesmo, liquidar nun prazo prudencial as débedas que poidan existir cos demais clubs deportivos e promover de forma inmediata a sinatura dos convenios de colaboración correspondentes ao ano 2012, a efectos de garantir o mantemento do calendario de actividades deportivas tradicional no noso concello.

2.- Comprometer o apoio do Concello de Moaña á celebración das competicións de remo da Liga ACT e da Liga Noroeste do ano 2012, instando ao goberno municipal á tramitación dos correspondentes convenios coas entidades organizadoras e á súa remisión para a aprobación polo Pleno da Corporación no prazo de dous meses.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal para que proceda á retención e autorización das cantidades de 12.500 € en favor do convenio coa S.D Samertolameu para o financiamento da “Bandeira de Traíñas Concello de Moaña” da Liga do Noroeste; e 22.500 € en favor do convenio coa S.D. Tirán para o financiamento da “Bandeira Mar de Moaña da Liga ACT”, realizando as modificacións de crédito pertinentes para a dotación de ditas partidas.

4.- Dar traslado do presente acordo á Sociedade Deportiva Samertolameu, á Sociedade Deportiva Tirán e aos comités organizadores da “Liga do Noroeste” e da “Liga San Miguel da ACT”, así como ás directivas dos clubs deportivos organizadores de actividades financiadas polo Concello de Moaña e recollidos nas partidas orzamentarias de subvención a actividades deportivas.”

O Sr. Santomé, Concelleiro Delegado de Deportes, sinala que a Sra. Riobó pensa que o que di é verdade. No Goberno estamos nós, ela non é quen para dicir o que temos que facer. ¿Retrasos nos convenios?. Ten razón. No 2011 cando accedimos ao Goberno solo había un convenio feito en abril e asinado. Pedínlle o resto dos convenios para axilizar o tema e me dixo que ese era problema meu. Dixo que estaban na Alcaldía. Aí non había nada. Fala de actividades no 2011. Dixo que deixou todas feitas. Se as deixou todas feitas, ¿cómo di que non fixemos ningunha?. Houbo balonmán, Liga ACT... O ano pasado fixose por primeira vez a

travesía a nado dende o Fisgón. Todas as entidades en Moaña se preocupan do deporte, déixannos practicamente o traballo feito. Aquí antes non se lles facía caso. Agora están inscritos. Está programada unha segunda travesía. Cando accedín ao posto fun ás tendas de deportes. Debíanse cartos a todas. Nós fúmoslles pagando eses cartos. Na moción fálase de amiguismo no uso das instalacións pero non se di onde. Fálase de agresións verbais. ¿A qué re refire?. Esta é a miña forma de falar, desculpen se lles molesta. ¿Vostede reclaman?. O que terá que facer dende a oposición é pedir. Os que terán que reclamar son os afectados. Temos unhas excelentes instalacións. Tamén fixeron cousas: pistas de fútbol e de atletismo. Puideron facelo mellor se tivesen escoitado aos que saben, aos técnicos. ¿Liga ACT?. Non se preocupen. Que saiban que as relacións cos clubs de remos e colectivos son excelentes. Imos facer as dúas bandeiras e vanse pagar. Vostedes deixaron algunha sen pagar. Levamos pagado máis de setenta mil euros. Que non se apunte o BNG todos os tantos. O PSOE tamén terá algo que ver. Na Gala do Deporte gastaron dous mil cento corenta e cinco euros. Era mellor dar esa cantidade ás entidades deportivas. A Sra. Riobó fala do remo pero nin remou, nin correu, nin nada. Seguen ca cantinela do Beque. Que vai desaparece pola miña culpa. Que as instalacións non están en condicións. Agardemos que agora, cando saquemos as bases, nos poñamos de acordo entre todos e poidamos chegar a bo porto. Actualmente é ruinoso para o Concello. Criticáronme porque un clube de xubilados estaba a usar as instalacións. Haberá que cambiar as ordenanzas. Espero que cheguemos a un acordo. Deixe traballar a quen traballa. Politicamente non teño experiencia pero si no deporte. En lugar de poñer zancadelas, colaboren, non me poña atrancos. ¿Ou fixeno todo mal?. Agora os de balonmán están usando as instalacións da Paralaia, que estaban se utilizar. Millán, ¿estou contando un chiste?, non te rías. Menos demagogia e máis traballar polo deporte. O Consello Deportivo Municipal queda pendente de reunións. Respecto das subvencións, daremos as mesmas. Todas as entidades deportivas que acudiron ao Concello foron atendidas. Deixen traballar.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que hai que centrar a discusión no asunto da moción. Espero que se proceda a pagar esas cantidades. Os que gobernan teñen que tomar decisións. Primeiro cuns orzamentos que den cobertura ao gasto. En segundo lugar, cando presentastes o Plan de Saneamento dixestes que íades recortar gastos en cultura, deportes e turismo. Cando se pase a cantidade, vai molestar. Hai pouco a repartir. Haberá que replantear cousas. Os clubs de remo non son entidades que provoquen gasto directo ao Concello. haberá que repensar e destinar os gastos ás entidades que traballan ca canteira e non aos profesionais. Grazas ao denostado Plan E, fíxose posible que se acometeran grandes actuacións en Moaña. Agora toca xestionalas. Finalmente, respecto do canto á colaboración, está ben, se se pedise non habería problema ca obra agora presentada. Dóenos moito a situación das instalacións do Beque. Se queren colaboración non traian as cousas cociñadas ao Pleno.

A Sra. Riobó sinala que, ao fío do que Víctor dixo, mellor que non falen de instalacións deportivas. Se queren, cóntolles. Trouxen a Pleno unha moción instando o apoio á organización das bandeiras de traíñas da liga noroeste e da liga act do Concello de Moaña. Non lle fixen outro reproche máis ca eso. Estou no meu pleno dereito a reclamar ago Goberno Municipal. Se apoian a moción, non temos máis que falar. Sobre os convenios deportivos, faciliteille as datas de entrada no rexistro da documentación dos convenios. Non foi capaz de conseguir os convenios ata decembro. O mérito que se atribúe é a travesía a nado. Único mérito. Non teño máis que dicir. ¿Uso personalista das instalacións?. Deulle o uso exclusivo do campo de fútbol a un clube de outro concello, pagándolle luz, auga... Dende o primeiro día tivo dez meses para presentar a modificación da ordenanza. Esa xente está a facer un uso

personalista das instalacións cos impostos dos moañeses. En Comisión Informativa dixo que prefería facer mil eventos por trinta euros que gastar trinta mil euros na regata.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG instando o apoio á organización das bandeiras de traíñas da Liga Noroeste e da liga ACT do Concello de Moaña, aprobándose por unanimidade dos Concelleiros asistentes, cos seguintes acordos:

1.- Reclamar ao goberno municipal o abono inmediato dos compromisos de financiamento das bandeiras do Concello de Moaña da Liga ACT e da Liga do Noroeste de 2011 aos cubles S.D. Tirán e S.D. Samertolameu. Así mesmo, liquidar nun prazo prudencial as débedas que poidan existir cos demais clubs deportivos e promover de forma inmediata a sinatura dos convenios de colaboración correspondentes ao ano 2012, a efectos de garantir o mantemento do calendario de actividades deportivas tradicional no noso concello.

2.- Comprometer o apoio do Concello de Moaña á celebración das competicións de remo da Liga ACT e da Liga Noroeste do ano 2012, instando ao goberno municipal á tramitación dos correspondentes convenios coas entidades organizadoras e á súa remisión para a aprobación polo Pleno da Corporación no prazo de dous meses.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal para que proceda á retención e autorización das cantidades de 12.500 € en favor do convenio coa S.D Samertolameu para o financiamento da “Bandeira de Traíñas Concello de Moaña” da Liga do Noroeste; e 22.500 € en favor do convenio coa S.D. Tirán para o financiamento da “Bandeira Mar de Moaña da Liga ACT”, realizando as modificacións de crédito pertinentes para a dotación de ditas partidas.

4.- Dar traslado do presente acordo á Sociedade Deportiva Samertolameu, á Sociedade Deportiva Tirán e aos comités organizadores da “Liga do Noroeste” e da “Liga San Miguel da ACT”, así como ás directivas dos clubs deportivos organizadores de actividades financiadas polo Concello de Moaña e recollidos nas partidas orzamentarias de subvención a actividades deportivas.

## **9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS QUE REGULAN A INSTALACIÓN DE TERRAZAS E OUTROS USOS LUCRATIVOS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL.**

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, sinala que o seu Grupo presenta esta moción porque consideran que a actual Ordenanza está superada e porque nestes dez meses obsérvase un desinterese na aplicación da Ordenanza polo actual Goberno Municipal. No ano 2005, o Goberno anterior actualizou a Ordenanza que permitía regularizar o uso do dominio público municipal, determinando as obrigas e dereitos dos hosteleiros e determinando a forma na que debía facerse a ocupación. Ata o ano 2011 o Goberno permitiu mellorar a ocupación das rúas, cunha política de ampliación do dominio público e con excelentes beirarrúas. As terrazas medraron e ocuparon máis espazo público. Asemesmo, dotouse ao Concello de un servizo de limpeza viaria. O que non está a cumprir é o actual Goberno, que se esquece de facer cumprir a Ordenanza. Os hosteleiros deben presentar unha solicitude de licenza entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo. Solo aprobaron o plan de explotación dos chiringuitos. Estase a ocupar o dominio público sen ningún tipo de control e sen cunprir co previsto na Ordenanza. Cada un fai o que entende oportuno e o Concello mira para outro lado. Non hai xestión nin interese en regular a

ocupación do dominio público. Por iso o BNG vese obrigado a presentar a seguinte moción (O Sr. Rodas lee a moción):

### **“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO INSTANDO A MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS QUE REGULAN A INSTALACIÓN DE TERRAZAS E OUTROS USOS LUCRATIVOS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL**

O Concello de Moaña aprobou as súas ordenanzas xeral e fiscal “reguladoras da ocupación temporal de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, taboados e outros elementos análogos” en decembro de 2005.

Daquela, a instalación de terrazas e o uso do dominio público con finalidade hostaleira era moi reducido. As obras de reurbanización emprendidas polos anteriores gobernos municipais e o crecemento urbano do noso concello ampliaron de forma evidente nos últimos anos o espazo público destinado a estes usos hostaleiros.

A experiencia destes anos móstranos que as previsións das ordenanzas fiscal e xeral foron amplamente superadas polas necesidades da hostalaría moañesa, producíndose distintas formas de ocupación do dominio público non contempladas na regulamentación municipal. Isto provoca unha sensación de ocupación caótica do dominio público, situacións de discriminación entre uns usuarios e outros, e molestias xerais a toda a veciñanza que non entende que normas se aplican a cada caso concreto.

Desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, faise pois necesaria unha revisión das ordenanzas xeral e fiscal reguladoras da ocupación dos terreos de uso público con finalidade hostaleira. Dita revisión debe facerse desde o diálogo con todos os sectores afectados, tendo en conta as distintas situacións competenciais a que está suxeito o dominio público no noso Concello, atendendo ás diversas localizacións do dominio público na trama municipal e procurando harmonizar a potenciación da nosa hostalaría e os dereitos ao libre uso do dominio público que asisten ao conxunto da veciñanza.

Desde estas premisas, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1.-Instar á Alcaldía que proceda á revisión da Ordenanza Fiscal e a Ordenanza Xeral reguladoras da ocupación temporal de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, taboados e outros elementos análogos.

2.-Que tras o oportuno debate cos representantes dos veciños, hostaleiros, colectivos sociais interesados e grupos políticos, se traslade ao Pleno para a súa aprobación inicial no prazo de dous meses.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que a complexidade competencial na maior parte dos terreos onde se ubican as terrazas é unha cuestión cun gran damnificado, o veciño. Tamén o Concello, que sofre esa traba competencial no que respecta ás autorizacións. E xa non digo nada no cobro. Ademais vense facendo un uso abusivo por parte dalgúns dos propietarios. Hai unha dispersión total de competencias sobre o dominio público entre Costas, Portos e outros organismos con competencias na vixilancia, non solo no cobro. O problema está no litoral. O Concello haberá de buscar fórmulas de colaboración cas outras administracións. Non pode ser que Portos de Galicia cobre e o Concello limpe, pague a luz... No fondo, urxe que a

Administración delimite as competencias no territorio. En Moaña hai unha anarquía total no litoral.. Apoio a moción. Costas do Estado e Portos de Galicia tamén terán que dicir nesta materia.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Promoción Económica, afirma que está de acordo co Sr. Pastoriza respecto da complexidade competencial. Mencionarei a Guardiola cando comentou o dos micrófonos no vestiario. Levamos mes e medio traballando na modificación. Ca entrada en vigor a lei do tabaco xurden os problemas **cos portaventos, as pérgolas...** A conveniencia será adaptar a ordenanza a lei. Isto xa se puido ter feito antes de que accedeseamos nós ao Goberno Municipal. Estamos preparando o borrador da nova ordenanza. Xa o poñeremos en coñecemento dos Grupos e dos interesados antes de traelo a Pleno.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG pide o uso da palabra.

O Sr. Alcalde di que non ten dereito ao uso da palabra. A defensa da moción corresponde a quen a presenta.

O Sr. Millán afirma que ten dereito a intervir en todos os asuntos do Pleno.

O Sr. Alcalde pregunta se o Sr. Rodas renuncia ao seu dereito de réplica.

O Sr. Millán pide intervir.

O Sr. Alcalde chama á orde ao Sr. Millán.

O Sr. Millán di que o Sr. Alcalde está a actuar coma un neno pequeno.

O Sr. Alcalde chama á orde ao Sr. Millán por segunda vez. Afirma que a palabra concédeala o Presidente da Corporación.

O Sr. Millán afirma que ten dereito a intervir. O Alcalde non se está a comportar como tal.

O Sr. Alcalde di que o Sr. Millán é un irresponsable.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, pide ao Alcalde que consulte quen asina a moción.

O Sr. Alcalde afirma que quen presentou a moción foi o Sr. Rodas. Vostede, Sr. Millán non ten concedido turno de palabra. Deixe continuar o Pleno.

O Sr. Millán di que a moción está asinada polo Sr. Millán Otero. Teño dereito a falar neste punto.

O Sr. Alcalde responde que xa interverá na quenda de rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG instando a modificación das ordenanzas municipais que regulan a instalación de terrazas e outros usos lucrativos do dominio público municipal, aprobándose por dez votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE. Os Concelleiros do BNG non interveñen na votación. A moción presenta os seguintes acordos:

1.-Instar á Alcaldía que proceda á revisión da Ordenanza Fiscal e a Ordenanza Xeral reguladoras da ocupación temporal de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, taboados e outros elementos análogos.

2.-Que tras o oportuno debate cos representantes dos veciños, hostaleiros, colectivos sociais interesados e grupos políticos, se traslade ao Pleno para a súa aprobación inicial no prazo de dous meses.

O Sr. Millán pide que conste en acta que non se lle deixa intervir.

O Sr. Alcalde afirma que o que se pretende o Sr. Millán é montar un espectáculo e reventar o Pleno.

## **10º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, solicita un rogo. Afirmar que o que acaba de facer o Sr. Alcalde pode ter recorrido. Cando o PP estaba na oposición, sempre interviñan os Voceiros que querían. Tiña un segundo Voceiro, que era Ángel, incluso un terceiro, Carlos Trigo. Vostedes entón non me deixaban falar. Sigo a vivir o mesmo na oposición. Os Concelleiros sempre puideron intervir en todos os asuntos do Pleno. Pido que o Alcalde traslade ao Secretario a emisión de informe no que se diga en qué parte da normativa municipal se recolle a imposibilidade de intervir nun asunto por máis de un Concelleiro de cada Grupo. De non ser así estaría vulnerando os dereitos de participación dos Concelleiros. Se o Alcalde non solicita o informe solicitarémolo nós. Tamén gustaríame preguntarlle respecto das terrazas cómo é que tiñan na cabeza a modificación da Ordenanza e que nós lles espíamos. ¿Cómo puido permitir iso?. Hai necesidade de modificar a Ordenanza. En dez meses non presentaron nada. Invitámoslles a que poñan en papel o que teñen na cabeza e o poidamos debater.

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, di que quere facer un rogo respecto do Centro Cultural Rosalía de Castro. Trátase de un centro novo, que acaba de estrear. Hai cousas que aínda non funcionaron, os ascensor, as portas. Rogo que se atenda ás queixas dos veciños e que se reclame da empresa que solvente os problemas. Respecto do mobiliario houbo unha resolución da Deputación de Pontevedra concedendo unha axuda para o mobiliario do centro sociocultural de Cangas. Preguntámonos por qué o Concello non solicitou a mesma axuda.

O Sr. Alcalde agradece o tono empregado pola Sra. Martínez. Respecto do rogo, é verdade. Pasamos unha relación de desperfectos detectados para valorar se eran responsabilidade da empresa. Hai cousas que deben ser asumidas polo Concello e outras pola empresa. Respecto da axuda, solicitamos outras. Tamén pediremos esta en canto teñamos ocasión.

A Sra. Cruz, Concelleira do BNG, pregunta polo servizo de canguros e o programa Aquelar. O servizo de atención á infancia foi unha aposta do anterior Goberno. Teño entendido que segue a mesma empresa. ¿asinouse contrato ou teñen pensado dar os pasos necesarios para regularizar a situación?. Ademais neste Pleno suele aprobarse o Plan Concertado, en marzo a Xunta ditou un novo decreto sobre novas axudas directas.

O Sr. Alcalde responde primeiro sobre o programa Aquelar. Como informou a Concelleira, chegou un escrito da Consellería sobre deficiencias a repoñer. Pasouse a informe técnico. Unha vez solventadas, asinarase o contrato. Sobre o Plan Concertado estano modificando. Van adiantar o 50%. Está pendente de colgar o programa. Na próxima comisión informativa de Servizos Sociais daremos a información oportuna.

A Sra. Cruz pregunta se o servizo está a funcionar.

O Sr. Alcalde responde que si, pero pendente de solventar as deficiencias.

A Sra. Cruz pregunta se a empresa pode prestar o servizo sen ter o contrato asinado. ¿Trátase da mesma empresa?.

O Sr. Alcalde afirma que se vai a enterar e que se dará cumprida resposta por escrito.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, afirma que quere facer dúas preguntas. Asfaltado do camiño da Moureira-Fanequeira, obra financiada polo PEIM con trinta mil euros. Para o BNG tan importante é actuar no camiño como asfaltalo. Poderíamos ter tramos no camiño de oito metros. Teñen armas para acometer o traballo. Cesións dos veciños a cambio de que se lles fagan muros de contención. A Concelleira dixo que non había cartos. Poden acometerse as obras con medios propios do Concello.

O Sr. González, Concelleiro Delegado de Servizos, afirma que o Sr. Piñeiro falta totalmente á verdade.

O Sr. Piñeiro afirma que é un desprezo para as persoas que cederon. Tamén teñen vostedes a posibilidade de cesión obrigatoria dos promotores, sen custo para o Concello. ¿Vai requirir o Alcalde aos promotores tal como se contempla na acta de replanteo e na licenza?

O Sr. Alcalde di que está en contacto cos veciños. No momento que teñamos todas as cesións ampliaremos o camiño.

O Sr. Piñeiro pregunta se o Alcalde vai requirir aos promotores respecto da cesión obrigatoria.

O Sr. Alcalde afirma que a pregunta xa está contestada.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Concelleira do BNG, Sra. Ríos.

O Sr. Piñeiro di que quere facer outra pregunta.

O Sr. Alcalde afirma que a Sra. Ríos solicitou o uso da palabra.

O Sr. Piñeiro responde que ten dereito a facer outra pregunta. É unha pregunta obrigrada. No Faro de Vigo de 5 de agosto de 2011, se publica que Fervenza habilitará un parking en superficie cerca da piscina municipal. No Faro de Vigo de 1 de outubro, publícase que o Alcalde de Moaña chegou a un acordo ca familia Montenegro para habilitar nunha finca da súa propiedade, de 20.000 metros cadrados xunto ao pabillón do Rosal, con capacidade para unhas trescentas prazas de aparcamento e ca idea de abril en decembro. Ao fondo da foto, os terreos do parking. No Pleno de febreiro preguntamos polo aparcamento. O Alcalde dixo que o parking ía adiante. A 26 de abril, as silvas siguen medrando, e do aparcamento, nada. O Alcalde mintiu aos moañeses. Tres veces. Hoxe non hai ningún documento. Será asinado de palabra. Hoxe, na páxina dúas do Faro de Vigo aparece en Broullón. Promete cincocentas prazas de aparcamento. Non pode dicir que o vai facer sen ter ningún documento asinado. Temos un Alcalde que é un crack. Outra cousa é a realidade. Volvo facerlle a mesma pregunta. ¿Cando vai entrar en funcionamento o aparcamento do Rosal?

O Sr. Alcalde afirma que neste Pleno hai mintireiros e embusteiros. As silvas onde medran é no Auditorio. Estos son os verdadeiros embustes. Este Goberno traballa en distintos proxectos pero sempre ca verdade. IES Paralalia, vivendas sociais, centro de saúde... Estamos a facer un esforzo para que a xente poida acudir ás instalacións municipais. Ca familia propietaria da finca falouse en tres ocasións. Dende Secretaría enviáronse varios escritos a Madrid. O propietario consultouno co seu avogado. Estamos a xestionalo.

A Sra. Ríos, Concelleira do BNG, pregunta se o Goberno pensa seguir co acondicionamento do espazo multiusos da praza de abastos de Moaña.

O Sr. Alcalde responde que de todos é coñecida a situación do Concello. Pese a todo, o único interese noso é mellorar as instalacións municipais. Coñecen o estado das contas, estamos a pagarlle a cotización á Seguridade Social a Valentín.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que as redes sociais están a denunciar un feito moi grave. A recuperación irregular de vía pública en Domaio por un particular cun monumento. Trátase de un problema de ocupación de terreo público municipal. Sr. Alcalde, ¿vai consentir a apropiación do vial ou vai ordenar a apertura de un expediente de reposición da legalidade?

O Sr. Alcalde afirma que vai trasladar a súa preocupación ao Departamento de Urbanismo. Non coñezo o tema.

A Sra. Riobó, Concelleira do BNG, pregunta pola mediación do Alcalde co BBVA para a dación en pago de un particular. Semella que o Alcalde empregou un tema tan triste como este dende un punto de vista partidista. Nos últimos días saiu á luz a noticia de que o veciño que quedou na rúa foi enviado a un albergue en Vigo. ¿Vai facilitar vivenda a calquera afectado

polo problema das hipotecas?. ¿Ten máis actuacións previstas nese sentido?. ¿Qué xestións acometeu para mandar a ese particular a un albergue en Vigo?.

O Sr. Alcalde sinala que non se toma ningún acordo ao respecto sen consultar antes ca Plataforma de afectados. Dende o Departamento de Servizos Sociais xestionouse unha vivenda. Recollerei toda a documentación ao respecto e a Plataforma vaille contestar.

A Sra. Riobó afirma que non quere unha resposta da Plataforma. Teno que contestar vostede, Alcalde.

O Sr. Alcalde responde á Sra. Riobó que a Plataforma vaille contestar mellor ca el.

Unha veciña demanda dos Concelleiros unha maior educación e respecto coma representantes dos veciños. Sr. Millan, cada un recibe o que da.

O Sr. Millán afirma que é fácil irse no minuto setenta e cinco da película e dicir que a película e moi mala. Nós estivemos presentes toda a película. Acabas de chegar ao acontecido nestes últimos nove anos. A vida da a cada un o que da. Estou moi contento co que recibín. O Alcalde é responsable de que se respecte no salón de plenos, especialmente, de que se respecte á oposición. É curioso que personalices no Sr. Millán.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintetrés horas e vinte minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**